

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

11216 *Real decreto 828/2013, do 25 de outubro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro; o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio; o Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, e o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.*

O real decreto modifica no artigo primeiro o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, en primeiro lugar, para acomodar o seu contido ás diversas reformas da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, á cal desenvolve, realizadas pola Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, e pola Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

A obrigada adaptación do desenvolvemento regulamentario ás modificacións legais prodúcese, entre outros, nos seguintes supostos:

– A supresión da exigencia legal de solicitude de autorización previa pola Administración tributaria do requisito para a aplicación de determinadas exencións.

– A regulación dos novos supostos de investimento do suxeito pasivo, previstos nas letras e) e f) do artigo 84.un.2.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que obriga a desenvolver normas relativas á súa aplicación, como a regulación das comunicacións entre os empresarios e destinatarios intervinientes nas operacións afectadas polo investimento do suxeito pasivo.

– A regulación da obriga de presentar dúas declaracións liquidacións, dividindo o período normal de declaración en dous períodos segundo se trate de feitos imposibles anteriores ou posteriores ao auto de declaración de concurso que se efectúa no artigo 71 do regulamento, de acordo coa previsión contida no artigo 99.cinco da Lei do imposto.

En segundo lugar, considérase conveniente realizar outras modificacións do Regulamento do imposto sobre o valor engadido para revisar os artigos relativos ás exencións ligadas a operacións alfandegueiras, para adaptalos aos cambios nos procedementos aplicables a tales operacións, en especial, ao carácter electrónico das comunicacións entre administrado e Administración para dar cumprimento á normativa alfandegueira que as regula.

En relación coas subministracións de bens ou avituallamento a buques e avións, hai que indicar que, na actualidade, a maioría de tales operacións son documentadas ante a alfándega polo provedor e non polo destinatario ou titular da explotación marítima ou aérea, polo que se debe prever tal circunstancia.

Así mesmo, en prol dunha simplificación administrativa e redución de cargas administrativas ao operador económico, débese suprimir a obriga de declaración ante a alfándega das operacións reguladas nos artigos 11 e 12 do Regulamento do imposto, establecendo a responsabilidade da xustificación da exención no adquirente dos bens ou receptor dos servizos exentos, ben que, polos mesmos motivos, se inclúe unha referencia

a un formulario específico que, de ser o caso, se poderá utilizar, deseñado pola Axencia Tributaria, dispoñible na súa sede electrónica. Por último, adáptase a acreditación da exención dos servizos relacionados coas importacións á relación privada entre o declarante, o importador e o prestador do servizo exento.

Un terceiro grupo de modificacións prodúcese no ámbito da modificación das bases impositivas, para os efectos de evitar o volume de fraude asociada á imprecisión da norma neste punto, e vista a interpretación que dela veñen efectuando os tribunais. Así, en virtude do disposto na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 26 de xaneiro de 2012, ditada no asunto C-588/10, «Kraft Foods Polska, S.A.», a modificación da base impositiva queda condicionada á expedición e remisión da factura rectificadora; exíxese ao suxeito pasivo a acreditación da súa remisión ao destinatario, con liberdade de medios, para non obstaculizar a facilidade que existe actualmente de utilización de medios electrónicos.

Na mesma liña, incorpórase a obriga de que as facturas rectificadoras emitidas ao abeiro do artigo 80.tres da Lei do imposto sexan tamén remitidas ás administracións concursais, órganos que en definitiva teñen entre as súas funcións o recoñecemento dos créditos no concurso. Pola súa banda, elimínase dos documentos que se deben presentar na Axencia Tributaria, xunto coa comunicación de modificación de base impositiva, a copia do auto xudicial de declaración de concurso.

En relación coa modificación da base impositiva en caso de concurso do destinatario das operacións, hai que prever que en ocasións o destinatario-concurtido das operacións non ten dereito á dedución total do imposto, de maneira que, cando o provedor rectifica a factura sobre a base do artigo 80.tres, o referido destinatario se converte en debedor do imposto pola parte non deducible, de acordo co artigo 80.cinco.5.^a da Lei do imposto. Posto que o dito axuste non deriva dunha rectificación de deducións, débese aclarar o período de liquidación en que se debe realizar o axuste, que será o correspondente á declaración liquidación relativa a feitos impositivos anteriores. Na dita declaración liquidación débense incluír tamén os axustes derivados daqueles supostos en que o período de liquidación no cal se debería efectuar a rectificación estivese prescrito.

Por último, considérase conveniente establecer que a obriga de comunicación das modificacións de bases impositivas, tanto para o acredor coma para o debedor dos correspondentes créditos ou débitos tributarios, se deba realizar por medios electrónicos, nun formulario específico deseñado pola Axencia Tributaria, dispoñible na súa sede electrónica.

Un cuarto grupo de modificacións obedece ao desenvolvemento regulamentario do novo réxime especial do criterio de caixa, cuxa regulación legal se aprobou recentemente na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores, no que respecta ao exercicio da inclusión e á renuncia ao réxime, esta última con efectos para un período mínimo de tres anos.

Prevese a exclusión do réxime especial do criterio de caixa cando o volume de operacións durante o ano natural que realice o suxeito pasivo supere os 2.000.000 euros, así como cando o total de cobramentos en efectivo que realice respecto dun mesmo destinatario durante o ano natural supere os 100.000 euros. A dita exclusión terá efecto no ano inmediato posterior a aquel en que se superan os citados límites.

Co obxectivo de conxugar os mecanismos para un efectivo control tributario co menor incremento posible de obrigas formais, amplíase a información que se subministrará nos libros rexistro xerais, para incorporar as referencias ás datas de cobramento ou pagamento e do medio utilizado, para os suxeitos pasivos acollidos ao réxime especial do criterio de caixa así como para os non acollidos pero que resulten ser destinatarios de operacións afectadas por este.

Por último, un grupo de modificacións varias, entre as cales se encontran:

– A modificación do prazo de presentación das autoliquidacións do IVE, eliminando a excepción existente para a liquidación do mes de xullo, que ingresarán os obrigados tributarios o día 20 de agosto en lugar do 20 de setembro.

– A flexibilización do ámbito obxectivo de aplicación do tipo impositivo do 4 por cento á adquisición de vehículos para o transporte habitual de persoas con mobilidade reducida ou con discapacidade en cadeiras de rodas por persoas ou entidades que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia e de integración social das persoas con discapacidade.

– A simplificación do procedemento para o exercicio da opción pola aplicación da regra de pro rata especial, permitindo o seu exercicio na última declaración liquidación do imposto correspondente a cada ano natural, coa excepción dos supostos de inicio da actividade ou de sector diferenciado, en que a opción para a súa aplicación se mantén na declaración liquidación correspondente ao período en que se produza o dito inicio; o exercicio da dita opción vincula o suxeito pasivo durante tres anos naturais, considerando como primeiro ano natural o correspondente ao que se refire a opción exercida.

– A adaptación das referencias do Regulamento do imposto ás modificacións producidas en materia de facturación, tras a entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2013, do novo Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Xunto coas modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido incorpóranse outras modificacións doutros regulamentos e real decreto:

No artigo segundo, en relación co Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, acláranse os requisitos que se deben cumprir para que a Administración tributaria poida recoñecer o dereito á devolución dunhas cotas do imposto sobre o valor engadido mal repercutidas cuxo titular é o obrigado que soportou a indebida repercusión, aclarando cando se considera ingresada a cota repercutida nas autoliquidacións con resultado a ingresar. Ao mesmo tempo, realízase unha serie de correccións técnicas de carácter terminolóxico.

O artigo terceiro, en relación co Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, adapta a referencia que determinados procedementos realizan ao novo Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Pola súa banda, o dito artigo terceiro, en relación co Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, modifica a obriga de declaración de operacións con terceiras persoas como consecuencia de diferentes factores.

A este respecto, pasan a incluírse como obrigados a presentar a declaración as comunidades de bens en réxime de propiedade horizontal, así como determinadas entidades ou establecementos de carácter social, con determinadas excepcións. Os suxeitos pasivos acollidos ao réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido deberán subministrar tamén información das operacións polas cales reciban factura e que estean anotadas no libro rexistro de facturas recibidas.

Así mesmo, introdúcense unha serie de modificacións como consecuencia da creación do novo réxime especial do criterio de caixa no imposto sobre o valor engadido. Así, respecto ás operacións ás cales resulte de aplicación este réxime, exíxese que se declaren os importes efectivamente cobrados ou pagados así como os importes que se devindiquen en 31 de decembro. As operacións acollidas a este réxime especial deberán constar separadamente na declaración de operacións con terceiras persoas e consignaranse na declaración do ano natural en que se fagan efectivos os ditos importes.

Por outra banda, hai que sinalar que a información a subministrarán exclusivamente atendendo ao seu cómputo anual, nos supostos da información que deberán presentar os suxeitos acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, as comunidades de bens en

régime de propiedade horizontal e, en canto ás operacións afectadas polo réxime especial de criterio de caixa, os destinatarios destas.

Para os efectos da mellora na xestión tributaria prodúcese a eliminación do límite mínimo excluínte de 3.005,06 euros exclusivamente para obrigar a declarar todas as subvencións outorgadas polas distintas administracións públicas a unha mesma persoa ou entidade.

Para facilitar o control das operacións ás cales sexa de aplicación o réxime especial de devolución previsto no artigo 119 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, nos casos de ausencia de NIF deberase consignar, se é o caso, o número de identificación fiscal atribuído ao empresario ou profesional con quen efectúe a operación o Estado membro de establecemento.

Támén para mellorar o control se establece a necesidade de identificar separadamente as operacións en que se produza a aplicación do investimento do suxeito pasivo no imposto sobre o valor engadido e as que se vinculen ao réxime de depósito distinto do alfanegueiro.

Establécese a substitución da obriga de presentar o modelo de declaración de operacións con terceiras persoas por parte da Administración xeral do Estado respecto ás operacións realizadas con cargo ao orzamento de gastos do Estado polo procedemento de pagamento directo polo envío da dita información de maneira única e centralizada a través da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Redúcese o ámbito subxectivo da obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro, de forma que, a partir de 1 de xaneiro de 2014, só se exige esta obriga respecto daqueles suxeitos pasivos do IVE ou do IXIC que estean incluídos no rexistro de devolución mensual. En concordancia con esta medida, considérase tacitamente derogada a disposición transitoria terceira.2 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos que pospuña a entrada en vigor da dita obriga para determinados obrigados, posto que estes, non inscritos no rexistro de devolución mensual, xa non estarán obrigados á dita obriga de información dada a modificación normativa operada.

Clarifícase o réxime xurídico en relación coa determinación da persoa con quen se deben entender as actuacións administrativas en caso de concurso do obrigado tributario.

Pola súa banda, o artigo cuarto, en relación co Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado por Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, inclúe as referencias correspondentes derivadas do novo réxime especial do criterio de caixa e exceptúase a non obriga de emitir factura nos casos de prestacións de servizos definidas nos artigos 20.un.16.º e 18.º da Lei do imposto sobre o valor engadido, nos casos de operacións realizadas no territorio de aplicación do imposto, Canarias, Ceuta ou Melilla por empresarios distintos de entidades aseguradoras e de crédito.

Por último, prevese a entrada en vigor do real decreto para o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, con algunha excepción como a relativa á regulación do réxime especial do criterio de caixa, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de outubro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Un. Suprímese o artigo 5, que queda derogado.

Dous. Modifícase o artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Cualificación como entidade ou establecemento privado de carácter social.*

A cualificación como entidade ou establecemento privado de carácter social poderase obter mediante solicitude á Axencia Estatal de Administración Tributaria, dirixida á delegación ou administración desta en cuxa circunscrición territorial estea situado o seu domicilio fiscal.

En calquera caso, as exencións correspondentes aos servizos prestados por entidades ou establecementos de carácter social aplicaranse sempre que se cumpran os requisitos que se establecen no número tres do artigo 20 da Lei do imposto, con independencia do momento en que, se é o caso, se obteña a súa cualificación como tal conforme o disposto no parágrafo anterior.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«2. Para os efectos do disposto na epígrafe A) do ordinal 22.º do número un do artigo 20 da Lei do imposto sobre o valor engadido, aplicaranse os criterios sobre definición de rehabilitación contidos na epígrafe B) do citado ordinal 22.º»

Catro. Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 9:

1. As letras a) e e) do punto 1.2.ºB) quedan redactadas como segue:

«a) A exención só se aplicará respecto das entregas de bens documentadas nunha factura cuxo importe total, impostos incluídos, sexa superior a 90,15 euros.»

(...)

«e) O viaxeiro remitirá a factura dilixenciada pola alfándega ao provedor, quen lle devolverá a cota repercutida no prazo dos quince días seguintes mediante cheque ou transferencia bancaria.

O reembolso do imposto poderase efectuar tamén a través de entidades colaboradoras, autorizadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, e correspóndelle ao ministro de Facenda e Administracións Públicas determinar as condicións a que se axustará a operativa das ditas entidades e o importe das súas comisións.

Os viaxeiros presentarán as facturas dilixenciadas pola alfándega ás ditas entidades, que aboarán o importe correspondente, facendo constar a conformidade do viaxeiro.

Posteriormente, as referidas entidades remitirán as facturas orixinais aos provedores, os cales estarán obrigados a efectuar o correspondente reembolso.»

2. A letra a) do punto 1.5.ºA) queda redactada como segue:

«a) Que se presten a aqueles que realicen as exportacións ou envíos dos bens, aos seus adquirentes ou aos intermediarios ou representantes alfandegueiros que actúen por conta duns ou doutros.»

3. As letras b) e c) do punto 1.5.ºB) quedan redactadas como segue:

«b) A saída dos bens xustificarse con calquera medio de proba admitido en dereito.

c) Os documentos que xustifiquen a saída deberán ser remitidos, se é o caso, ao prestador do servizo, dentro dos tres meses seguintes á data de saída dos bens.»

Cinco. Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 10:

1. O parágrafo primeiro do punto 1.5.º queda redactado como segue:

«5.º A incorporación de obxectos aos buques deberase efectuar no prazo dos tres meses seguintes á súa adquisición e o provedor acreditaraa mediante o correspondente documento alfandegueiro de embarque, cuxa copia deberá remitir, se é o caso, o titular da explotación dos medios de transporte ao provedor dos obxectos no prazo dos quince días seguintes ao da súa incorporación.»

2. O punto 1.6.º queda redactado como segue:

«6.º A posta dos produtos de avituallamento a bordo dos buques e aeronaves acreditaraa o provedor mediante o correspondente documento alfandegueiro de embarque, cuxa copia deberá remitir, se é o caso, o titular da explotación dos referidos medios de transporte ao provedor dos ditos produtos no prazo do mes seguinte á súa entrega.

Non obstante, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá establecer procedementos simplificados para acreditar o embarque dos produtos de avituallamento a que se refire o parágrafo anterior.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 11, que queda redactado como segue:

«3. O adquirente dos bens ou destinatario dos servizos deberá entregar ao transmitente ou prestador dos servizos unha declaración subscrita por el na cal manifieste a situación dos bens que xustifique a exención.

Para estes efectos, o adquirente ou destinatario poderá utilizar o formulario dispoñible para tal efecto na sede electrónica da Axencia Estatal da Administración Tributaria.»

Sete. Modifícase o punto 1.2.º do artigo 12, que queda redactado como segue:

«2.º Que o adquirente dos bens ou destinatario dos servizos entregue ao transmitente ou prestador dos servizos unha declaración subscrita por el na cal manifieste a situación dos bens que xustifique a exención.

Para estes efectos, o adquirente ou destinatario poderán utilizar o formulario dispoñible para tal efecto na sede electrónica da Axencia Estatal da Administración Tributaria.»

Oito. Modifícase o artigo 19, que queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Prestacións de servizos relacionados coas importacións.*

A exención dos servizos relacionados coas importacións a que se refire o artigo 64 da Lei do imposto xustificárase con calquera medio de proba admitido en dereito.

En particular, a dita xustificación poderase realizar por medio da achega dunha copia do exemplar do DUA de importación co código seguro de verificación e a documentación que xustifique que o valor do servizo foi incluído na base imponible declarada naquel.

Os documentos a que se refire este artigo deberán ser remitidos, cando proceda, ao prestador do servizo no prazo dos tres meses seguintes á súa realización. Noutro caso, o prestador do servizo deberá liquidar e repercutir o imposto que corresponda.»

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«1. Nos servizos de publicidade a que se refire a letra c) do punto dous do artigo 69 da Lei do imposto entenderanse comprendidos tamén os servizos de

promoción que impliquen a transmisión dunha mensaxe destinada a informar acerca da existencia e calidades do produto ou servizo obxecto de publicidade.

Non se comprenden nos citados servizos de promoción os de organización para terceiros de feiras e exposicións de carácter comercial a que se refire a letra c) do ordinal 7.º do número un do artigo 70 da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

Dez. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 24, que quedan redactados como segue:

«1. Nos casos a que se refire o artigo 80 da Lei do imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a expedir e remitirle ao destinatario das operacións unha nova factura na cal se rectifique ou, de ser o caso, se anule a cota repercutida, na forma prevista no artigo 15 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro. Nos supostos do número tres do artigo 80 da Lei do imposto deberase expedir e remitir, así mesmo, unha copia da dita factura á administración concursal e no mesmo prazo.

A diminución da base imponible ou, de ser o caso, o aumento das cotas que deba deducir o destinatario da operación estarán condicionados á expedición e remisión da factura que rectifique a anteriormente expedida; o suxeito pasivo deberá acreditar esta remisión.

2. A modificación da base imponible cando se dite auto xudicial de declaración de concurso do destinatario das operacións suxeitas ao imposto, así como nos demais casos en que os créditos correspondentes ás cotas repercutidas sexan total ou parcialmente incobrables, axustarase ás normas que se establecen a continuación:

a) Quedará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º As operacións cuxa base imponible se pretenda rectificar deberán ter sido facturadas e anotadas no libro rexistro de facturas expedidas polo acredor en tempo e forma.

2.º O acredor terá que comunicar por vía electrónica, a través do formulario dispoñible para tal efecto na sede electrónica da Axencia Estatal da Administración Tributaria, no prazo dun mes contado desde a data de expedición da factura rectificadora, a modificación da base imponible practicada e fará constar que esta modificación non se refire a créditos garantidos, afianzados ou asegurados, a créditos entre persoas ou entidades vinculadas nin a operacións cuxo destinatario non está establecido no territorio de aplicación do imposto nin en Canarias, Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 80 da Lei do imposto, e, no suposto de créditos incobrables, que o debedor non foi declarado en concurso ou, de ser o caso, que a factura rectificadora expedida é anterior á data do auto de declaración do concurso.

A esta comunicación deberanse xuntar os seguintes documentos, que se remitirán a través do Rexistro Electrónico da Axencia Estatal da Administración Tributaria:

a') A copia das facturas rectificadoras, nas cales se consignarán as datas de expedición das correspondentes facturas rectificadas.

b') No suposto de créditos incobrables, os documentos que acrediten que o acredor instou o cobramento do crédito mediante reclamación xudicial ao debedor ou mediante requirimento notarial.

c') No caso de créditos debidos por entes públicos, o certificado expedido polo órgano competente do ente público debedor a que se refire a condición 4.ª da epígrafe A) do número catro do artigo 80 da Lei do imposto.

b) No caso de que o destinatario das operacións teña a condición de empresario ou profesional:

1.º Deberá comunicar por vía electrónica, a través do formulario dispoñible para tal efecto na sede electrónica da Axencia Estatal da Administración Tributaria, a circunstancia de ter recibido as facturas rectificadoras que lle envíe o acredor, e consignará o importe total das cotas rectificadas, incluído, se é o caso, o das non deducibles, no mesmo prazo previsto para a presentación da declaración liquidación a que se refire o ordinal seguinte. O incumprimento desta obriga non impedirá a modificación da base impositiva por parte do acredor, sempre que se cumpran os requisitos sinalados na letra a).

2.º Ademais da comunicación a que se refire o ordinal anterior, na declaración liquidación correspondente ao período en que se recibisen as facturas rectificadoras das operacións o citado destinatario deberá facer constar o importe total das cotas rectificadas como minoración das cotas deducidas.

3.º Tratándose do suposto previsto no artigo 80.tres da Lei do imposto, as cotas rectificadas deberanse facer constar:

a') Nas declaracións liquidación correspondentes aos períodos en que se exercese o dereito á dedución das cotas soportadas.

b') Como excepción ao anterior, na declaración liquidación relativa a feitos impositivos anteriores á declaración de concurso regulada no artigo 71.5 deste regulamento cando:

a'') O destinatario das operacións non tivese dereito á dedución total do imposto e en relación coa parte da cota rectificadora que non fose deducible.

b'') O destinatario das operacións tivese dereito á dedución do imposto e tivese prescrito o dereito da Administración tributaria a determinar a débeda tributaria do período de liquidación en que se tivese exercido o dereito á dedución das cotas soportadas que se rectifican.

4.º A rectificación ou rectificacións deberanse presentar no mesmo prazo que a declaración liquidación correspondente ao período en que se recibisen as facturas rectificadoras.

No caso de que o destinatario das operacións se encontre en concurso, as obrigas previstas nos números anteriores recaerán nel ou na administración concursal, en defecto daquel, se se encontrar en réxime de intervención de facultades e, en todo caso, cando se tiveren suspendido as facultades de administración e disposición.

c) Cando o destinatario non teña a condición de empresario ou profesional, a Administración tributaria poderá requirirle a achega das facturas rectificadoras que lle envíe o acredor.

d) A aprobación do convenio de acredores, se é o caso, non afectará a modificación da base impositiva que se efectuase previamente.»

Once. Engádesse no título IV bis un novo artigo 24 quáter, que queda redactado como segue:

«Artigo 24 quáter. *Aplicación das regras de investimento do suxeito pasivo.*

1. O empresario ou profesional que realice a entrega a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra e), segundo guión, da Lei do imposto deberá comunicar expresa e fidedignamente ao adquirente a renuncia á exención por cada operación realizada.

Sen prexuízo do disposto no número cinco do artigo 163 sexies da Lei do imposto, o transmitente só poderá efectuar a renuncia a que se refire o parágrafo anterior cando o adquirente lle acredite a súa condición de suxeito pasivo con

dereito á dedución total do imposto soportado polas adquisicións dos correspondentes bens inmobles.

2. Os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra e), terceiro guión, da Lei do imposto deberanlle comunicar expresa e fidedignamente ao empresario ou profesional que realice a entrega que están a actuar, con respecto ás ditas operacións, na súa condición de empresarios ou profesionais.

3. Os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra f), parágrafo primeiro, da Lei do imposto deberán, se é o caso, comunicarlles expresa e fidedignamente ao contratista ou contratistas principais con que contraten as seguintes circunstancias:

a) Que están a actuar, con respecto ás ditas operacións, na súa condición de empresarios ou profesionais.

b) Que tales operacións se realizan no marco dun proceso de urbanización de terreos ou de construción ou rehabilitación de edificacións.

4. Os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra f), parágrafo segundo, da Lei do imposto deberán, se é o caso, comunicarlles expresa e fidedignamente aos subcontratistas con que contraten a circunstancia referida na letra b) do número anterior deste artigo.

5. As comunicacións a que se refiren os números anteriores deberanse efectuar con carácter previo ou simultáneo á adquisición dos bens ou servizos en que consistan as referidas operacións.

6. Os destinatarios das operacións a que se refiren os números anteriores poderán acreditar baixo a súa responsabilidade, mediante unha declaración escrita asinada por eles dirixida ao empresario ou profesional que realice a entrega ou preste o servizo, que concorren, en cada caso e segundo proceda, as seguintes circunstancias:

a) Que están a actuar, con respecto ás ditas operacións, na súa condición de empresarios ou profesionais.

b) Que teñen dereito á dedución total do imposto soportado polas adquisicións dos correspondentes bens inmobles.

c) Que as operacións se realizan no marco dun proceso de urbanización de terreos ou de construción ou rehabilitación de edificacións.

7. De mediaren as circunstancias previstas no número un do artigo 87 da Lei do imposto, os citados destinatarios responderán solidariamente da débeda tributaria correspondente, sen prexuízo, así mesmo, da aplicación do disposto no ordinal 2.º do número dous do artigo 170 da mesma lei.»

Doce. Modifícase o artigo 26, que queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Tipo impositivo reducido.*

Para os efectos do previsto no artigo 91, número un.2, ordinal 10.º, da Lei do imposto, as circunstancias de que o destinatario non actúa como empresario ou profesional, utiliza a vivenda para uso particular e de que a construción ou rehabilitación da vivenda concluíu polo menos dous anos antes do inicio das obras, poderanse acreditar mediante unha declaración escrita asinada polo destinatario das obras, dirixida ao suxeito pasivo, en que aquel faga constar, baixo a súa responsabilidade, as circunstancias indicadas anteriormente.

De mediaren as circunstancias previstas no número un do artigo 87 da Lei do imposto, o citado destinatario responderá solidariamente da débeda tributaria correspondente, sen prexuízo, así mesmo, da aplicación do disposto no ordinal 2.º do número dous do artigo 170 da mesma lei.»

Trece. Modifícanse os puntos 1 e 2 do número dous do artigo 26 bis, que quedan redactados como segue:

«Dous.1. Aplicarase o previsto no artigo 91.dous.1.4.º, segundo parágrafo, da Lei do imposto á entrega, adquisición intracomunitaria ou importación dos vehículos para o transporte habitual de persoas con mobilidade reducida ou para o transporte de persoas con discapacidade en cadeira de rodas, sempre que concorran os seguintes requisitos:

1.º Que transcorresen polo menos catro anos desde a adquisición doutro vehículo en análogas condicións.

Non obstante, este requisito non se exixirá no suposto de sinistro total dos vehículos, certificado pola entidade aseguradora, ou cando se xustifique a baixa definitiva dos vehículos.

Non se considerarán adquiridos en análogas condicións os vehículos adquiridos –para o transporte habitual de persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida– por persoas xurídicas ou entidades que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia a que se refire a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como servizos sociais a que se refire a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, sempre e cando se destinen ao transporte habitual de distintos grupos definidos de persoas ou á súa utilización en distintos ámbitos territoriais ou xeográficos daqueles que deron lugar á adquisición ou adquisicións previas.

En todo caso, o adquirente deberá xustificar a concorrencia das ditas condicións distintas ás que se produciron na adquisición do anterior vehículo ou vehículos.

2.º Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos *inter vivos* durante o prazo de catro anos seguintes á súa data de adquisición.

2. A aplicación do tipo impositivo previsto no artigo 91.dous.1.4.º, segundo parágrafo, da Lei do imposto requirirá o recoñecemento previo do dereito pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e iniciarse mediante solicitude subscrita tanto polo adquirente como pola persoa con discapacidade. Este recoñecemento, no caso de ter lugar, producirá efecto desde a data da súa solicitude.

Deberase acreditar que o destino do vehículo é o transporte habitual de persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida. Entre outros medios de proba serán admisibles os seguintes:

- a) Que a titularidade do vehículo estea a nome da persoa con discapacidade.
- b) Que o adquirente sexa cónxuxe da persoa con discapacidade ou teña unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o terceiro grao inclusive.
- c) Que o adquirente estea inscrito como parella de feito da persoa con discapacidade no rexistro de parellas ou unións de feito da comunidade autónoma de residencia.
- d) Que o adquirente teña a condición de titor, representante legal ou gardador de feito da persoa con discapacidade.
- e) Que o adquirente demostre a convivencia coa persoa con discapacidade mediante certificado de empadramento ou por ter o domicilio fiscal na mesma vivenda.
- f) No suposto de que o vehículo sexa adquirido por unha persoa xurídica, que esta estea a desenvolver actividades de asistencia a persoas con discapacidade ou, de ser o caso, que conte dentro do seu equipo con traballadores con discapacidade contratados que vaian utilizar habitualmente o vehículo.

A discapacidade ou a mobilidade reducida deberase acreditar mediante certificado ou resolución expedido polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso) ou órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

Non obstante, consideraranse afectados por unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento:

- a) Os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou de grande invalidez.
- b) Os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- c) Cando se trate de persoas con discapacidade cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente. Neste caso, a discapacidade acreditada será do 65 por cento, aínda que non alcance o dito grao.

Consideraranse persoas con mobilidade reducida:

- a) As persoas cegas ou con deficiencia visual e, en todo caso, as afiliadas á Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE) que acrediten a súa pertenza a esta mediante o correspondente certificado.
- b) Os titulares da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade emitida polas corporacións locais ou, de ser o caso, polas comunidades autónomas, os cales en todo caso deberán contar co certificado ou resolución expedido polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso) ou órgano competente da comunidade autónoma correspondente, acreditativo da mobilidade reducida.»

Catorce. Modifícase a letra c) do número 2 do artigo 27, que queda redactada como segue:

«c) O cumprimento das obrigas formais, rexistras e contables exixidas pola normativa reguladora do imposto, polo Código de comercio ou por calquera outra norma que resulte de aplicación a aqueles que teñen a condición de empresarios ou profesionais.

A este respecto terase en conta, en particular, o cumprimento das seguintes obrigas:

a') A presentación da declaración de carácter censual na cal se lle debe comunicar á Administración o comezo de actividades empresariais ou profesionais polo feito de efectuar a adquisición ou importación de bens ou servizos coa intención de destinalos á realización de tales actividades, a que se refiren o ordinal 1.º do número un do artigo 164 da Lei do imposto e o número 1 do artigo 9.º do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

b') Levar en debida forma as obrigas contables exixidas no título IX deste regulamento e, en concreto, o libro rexistro de facturas recibidas e, de ser o caso, do libro rexistro de bens de investimento.»

Quince. Modifícase o punto 1.1.º e o número 2 do artigo 28, que quedan redactados como segue:

«1. Os suxeitos pasivos poderán exercer a opción e formular as solicitudes en materia de deducións que se indican a continuación, nos prazos e cos efectos que así mesmo se sinalan:

1.º Opción pola aplicación da regra de pro rata especial, a que se refire o ordinal 1.º do número dous do artigo 103 da Lei do imposto.

Esta opción poderase exercer:

a) En xeral, na última declaración liquidación do imposto correspondente a cada ano natural; en tal caso procederase á regularización das deducións practicadas durante el.

b) Nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais, constitúan ou non un sector diferenciado respecto daquelas que, se é o caso, se viñesen desenvolvendo con anterioridade, ata a finalización do prazo de presentación da declaración liquidación correspondente ao período en que se produza o comezo na realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a tales actividades.

A opción pola aplicación da regra de pro rata especial producirá efectos en canto non sexa revogada polo suxeito pasivo, ben que a opción pola súa aplicación terá unha validez mínima de tres anos naturais, incluído o ano natural a que se refire a opción exercida.

A revogación poderase efectuar, unha vez transcorrido o período mínimo mencionado, na última declaración liquidación correspondente a cada ano natural; en tal caso procederase á regularización das deducións practicadas durante el.»

«2. As solicitudes, a renuncia e a opción e revogación desta última, a que se refire o punto anterior, formularanse, se é o caso, ante o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso das citadas solicitudes, a Administración disporá do prazo dun mes, contado desde a data en que tivesen entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, para notificarlle ao interesado a resolución ditada respecto daquelas, que se deberán entender concedidas unha vez transcorrido o dito prazo sen que se producise a referida notificación.»

Dezaseis. Modifícase o título do artigo 30 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 30 ter. *Solicitudes de devolución de empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto, illas Canarias, Ceuta e Melilla, correspondentes a cotas soportadas por operacións efectuadas na Comunidade con excepción das realizadas no territorio de aplicación do imposto.*»

Dezasete. Modifícase o número 3 do artigo 33, que queda redactado como segue:

«3. As opcións e renuncias previstas no presente artigo, así como a súa revogación, efectuaranse de conformidade co disposto no Regulamento xeral das actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación en relación coa modalidade de renuncia prevista no parágrafo terceiro do punto anterior.»

Dezaoito. Modifícase o número 2 do artigo 36, que queda redactado como segue:

«2. O previsto na letra d) do punto anterior producirá efectos no mesmo ano en que se produza a exclusión á aplicación do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O previsto na letra e) do punto anterior producirá efectos a partir do ano inmediato posterior a aquel en que se produza, salvo que o suxeito pasivo non viñese realizando actividades empresariais ou profesionais, caso en que a exclusión producirá efectos desde o momento en que se produza o inicio de tales actividades.»

Dezanove. Modifícase o número 1 do artigo 50, que queda redactado como segue:

«1. A opción a que se refire o artigo 137, número dous, da Lei do imposto deberase exercer ao tempo de presentar a declaración de comezo da actividade ou ben durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba facer

efecto, e entenderase prorrogada, salvo renuncia expresa no mesmo prazo anteriormente sinalado, para os anos seguintes e, como mínimo, ata a finalización do ano natural seguinte a aquel en que comezou a aplicarse o réxime de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global. O anterior enténdese sen prexuízo da facultade da Administración tributaria de revogar a autorización concedida para a aplicación da modalidade da marxe de beneficio global, nos termos sinalados no artigo 137, número dous, ordinal 1.º da Lei do imposto.

A opción a que se refire o parágrafo anterior e a súa revogación deberanse efectuar de acordo co disposto no Regulamento xeral das actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.»

Vinte. Modifícase o número 3 do artigo 61 bis, que queda redactado como segue:

«3. As entidades que exercen a opción que se establece no artigo 163 sexies.cinco da Lei do imposto poderán optar pola aplicación da regra de pro rata especial a que se refire o artigo 103.dous.1.º da dita Lei do imposto en relación co sector diferenciado das operacións intragrupo, sen prexuízo da súa aplicación obrigatoria nos termos do artigo 103.dous.2.º da citada lei.

Esta opción será individual para cada unha das citadas entidades e exercerase sen prexuízo das opcións que se puideren exercer en relación co resto de sectores diferenciados que, se é o caso, tiveren as citadas entidades.

A opción deberase exercer:

a) En xeral, na última declaración liquidación do imposto correspondente a cada ano natural; en tal caso procederase á regularización das deducións practicadas durante el.

b) Nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais, e nos de inicio dunha actividade que constituía un sector diferenciado respecto das que se viñan desenvolvendo con anterioridade, ata a finalización do prazo de presentación da declaración liquidación correspondente ao período en que se produza o comezo na realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a tales actividades.

A opción pola aplicación da regra de pro rata especial producirá efectos en canto non sexa revogada polo suxeito pasivo, ben que a opción pola súa aplicación terá unha validez mínima de tres anos naturais, incluído o ano natural a que se refire a opción exercida.

A revogación poderase efectuar, unha vez transcorrido o período mínimo mencionado, na última declaración liquidación correspondente a cada ano natural; en tal caso procederase á regularización das deducións practicadas durante el.»

Vinte e un. Engádesse un capítulo VIII no título VIII, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO VIII

Réxime especial do criterio de caixa

Artigo 61 septies. *Opción pola aplicación do réxime especial do criterio de caixa.*

1. A opción a que se refire o artigo 163 undecies da Lei do imposto deberase exercer ao tempo de presentar a declaración de comezo da actividade ou ben durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto; entenderase prorrogada para os anos seguintes en canto non se produza a renuncia a el ou a exclusión deste réxime.

2. A opción deberase referir a todas as operacións realizadas polo suxeito pasivo que non se encontren excluídas do réxime especial conforme o establecido no número dous do artigo 163 duodécies da Lei do imposto.

Artigo 61 octies. *Renuncia á aplicación do réxime especial do criterio de caixa.*

A renuncia ao réxime especial exerceráse mediante comunicación ao órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria coa presentación da correspondente declaración censual, e deberase formular no mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto.

A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos.

Artigo 61 nonies. *Exclusión do réxime especial do criterio de caixa.*

Os suxeitos pasivos que optasen pola aplicación deste réxime especial quedarán excluídos del cando o seu volume de operacións durante o ano natural superase os 2.000.000 euros.

Cando o suxeito pasivo iniciase a realización de actividades empresariais ou profesionais no ano natural, o dito importe elevarase ao ano.

Quedarán excluídos do réxime especial do criterio de caixa os suxeitos pasivos cuxos cobramentos en efectivo respecto dun mesmo destinatario durante o ano natural superen a contía de 100.000 euros.

A exclusión producirá efecto no ano inmediato posterior a aquel en que se produzan as circunstancias que a determinen. Os suxeitos pasivos excluídos por estas causas que non superen os citados límites en exercicios sucesivos poderán optar novamente á aplicación do réxime especial nos termos sinalados no artigo 61 septies deste regulamento.

Artigo 61 decies. *Obrigas rexistras específicas.*

1. Os suxeitos pasivos acollidos ao réxime especial do criterio de caixa deberán incluír no libro rexistro de facturas expedidas, a que se refire o artigo 63 deste regulamento, a seguinte información:

1.º As datas do cobramento, parcial ou total, da operación, con indicación por separado do importe correspondente, se é o caso.

2.º Indicación da conta bancaria ou do medio de cobramento utilizado, que poida acreditar o cobramento parcial ou total da operación.

2. Os suxeitos pasivos acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, así como os suxeitos pasivos non acollidos ao réxime especial do criterio de caixa pero que sexan destinatarios das operacións afectadas por el, deberán incluír no libro rexistro de facturas recibidas, a que se refire o artigo 64 deste regulamento, a seguinte información:

1.º As datas do pagamento, parcial ou total, da operación, con indicación por separado do importe correspondente, se é o caso.

2.º Indicación do medio de pagamento polo que se satisfai o importe parcial ou total da operación.

Artigo 61 undecies. *Obrigas específicas de facturación.*

1. Para efectos do establecido no artigo 6 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, toda factura (e as súas copias) expedida por suxeitos pasivos acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, referente a operacións ás cales este sexa aplicable, conterá a mención de "réxime especial do criterio de caixa".

2. Para efectos do establecido no artigo 11 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, a expedición da factura das operacións acollidas ao réxime especial

do criterio de caixa deberase producir no momento da súa realización, salvo cando o destinatario da operación sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, caso en que a expedición da factura se deberá efectuar antes do día 16 do mes seguinte a aquel en que se realizou.»

Vinte e dous. Modifícanse os números 3, 4 e 6 do artigo 63, que quedan redactados como segue:

«3. No libro rexistro de facturas expedidas inscribíranse, unha por unha, as facturas expedidas e consignáranse o número e, se é o caso, a serie, a data de expedición, a data de realización das operacións, en caso de que sexa distinta da anterior, o nome e apelidos, razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do destinatario, a base impositiva das operacións, determinada conforme os artigos 78 e 79 da Lei do imposto e, de ser o caso, o tipo impositivo, a cota tributaria e se a operación se efectuou conforme o réxime especial do criterio de caixa, caso en que se deberán incluír as mencións a que se refire o número 1 do artigo 61 decies deste regulamento.

4. A anotación individualizada das facturas a que se refire o número anterior poderase substituír pola de asentos resumo, nos cales se farán constar a data ou período en que se expediron, a base impositiva global, o tipo impositivo, a cota global de facturas numeradas correlativamente e expedidas na mesma data, os números inicial e final destas e se as operacións se efectuaron conforme o réxime especial do criterio de caixa, caso en que se deberán incluír as mencións a que se refire o número 1 do artigo 61 decies deste regulamento, sempre que se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos:

a) Que nas facturas expedidas non sexa preceptiva a identificación do destinatario, conforme o disposto polo Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

b) Que a devindicación das operacións documentadas se producise dentro dun mesmo mes natural.

c) Que ás operacións documentadas nelas lles sexa aplicable o mesmo tipo impositivo.

Igualmente será válida a anotación dunha mesma factura en varios asentos correlativos cando inclúa operacións que tributen a distintos tipos impositivos.»

«6. Igualmente, deberánse anotar por separado as facturas rectificadoras a que se refire o artigo 15 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, consignando o número, data de expedición, identificación do proveedor, base impositiva, tipo impositivo e cota.»

Vinte e tres. Modifícanse os números 4 e 5 do artigo 64, que quedan redactados como segue:

«4. No libro rexistro de facturas recibidas anotaranse, unha por unha, as facturas recibidas e, de ser o caso, os documentos de alfándegas e os demais indicados anteriormente. Consignáranse o seu número de recepción, a data de expedición, a data de realización das operacións, en caso de que sexa distinta da anterior e así conste no citado documento, o nome e apelidos, razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do obrigado á súa expedición, a base impositiva, determinada conforme os artigos 78 e 79 da Lei do imposto, e, de ser o caso, o tipo impositivo, a cota tributaria e se a operación se encontra afectada polo réxime especial do criterio de caixa, caso en que se deberán incluír as mencións a que se refire o número 2 do artigo 61 decies deste regulamento.

No caso das facturas a que se refire o parágrafo segundo do número 2 deste artigo, as cotas tributarias correspondentes ás adquisicións intracomunitarias de bens a que dean lugar as entregas nelas documentadas deberanse calcular e consignar na anotación relativa ás ditas facturas.

Igualmente, no caso das facturas ou, de ser o caso, dos xustificantes contables a que se refire o parágrafo terceiro do número 2 deste artigo, as cotas tributarias correspondentes ás entregas de bens ou prestacións de servizos nelas documentadas deberanse calcular e consignar na anotación relativa ás ditas facturas ou xustificantes contables.

5. Poderase facer un asento resumo global das facturas recibidas nunha mesma data, no cal se farán constar os números inicial e final das facturas recibidas asignados polo destinatario, sempre que procedan dun único proveedor, a suma global da base impositiva, a cota impositiva global e se as operacións se encontran afectadas polo réxime especial do criterio de caixa, caso en que se deberán incluír as mencións a que se refire o número 2 do artigo 61 decies deste regulamento, sempre que o importe total conxunto das operacións, imposto sobre o valor engadido non incluído, non exceda os 6.000 euros, e que o importe das operacións documentadas en cada unha delas non supere os 500 euros, imposto sobre o valor engadido non incluído.»

Vinte e catro. Inclúese un novo número 5 no artigo 69, que queda redactado como segue:

«5. As operacións a que sexa de aplicación o réxime especial do criterio de caixa, que deban ser obxecto de anotación rexistral, deberanse encontrar asentadas nos correspondentes libros rexistro xerais nos prazos establecidos nos números anteriores como se a estas operacións non lles fose de aplicación o dito réxime especial, sen prexuízo dos datos que se deban completar no momento en que se efectúen os cobramentos ou pagamentos totais ou parciais das operacións.»

Vinte e cinco. Modifícanse os números 4 e seguintes do artigo 71, que quedan redactados como segue:

«4. A declaración liquidación deberá cubrirse e axustarse ao modelo que, para cada suposto, determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas e presentarse durante os vinte primeiros días naturais do mes seguinte ao correspondente período de liquidación mensual ou trimestral, segundo proceda.

Non obstante, a declaración liquidación correspondente ao último período do ano deberase presentar durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o ministro de Facenda e Administracións Públicas, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, poderá ampliar o prazo correspondente ás declaracións que se poidan presentar por vía telemática.

5. No caso de que o suxeito pasivo fose declarado en concurso, deberá presentar, nos prazos sinalados no número anterior, dúas declaracións liquidación polo período de liquidación trimestral ou mensual en que se declarase o concurso, unha referida aos feitos impositivos anteriores á dita declaración e outra referida aos posteriores.

Neste caso, cando da declaración liquidación relativa aos feitos impositivos anteriores á declaración do concurso resulte un saldo a favor do suxeito pasivo, este saldo poderase compensar na declaración liquidación relativa aos feitos impositivos posteriores á dita declaración.

En caso de que o suxeito pasivo non opte pola compensación prevista no parágrafo anterior, o saldo ao seu favor que resulte da declaración liquidación relativa aos feitos impositivos anteriores á declaración do concurso estará suxeito ás normas xerais sobre compensación e dereito a solicitar a devolución. En caso de que o suxeito pasivo opte pola indicada compensación, o saldo ao seu favor que

resulte da declaración liquidación relativa aos feitos impositivos posteriores á declaración do concurso, unha vez practicada a compensación mencionada, estará suxeito ás normas xerais sobre compensación e dereito a solicitar a devolución.

6. A declaración liquidación, coa excepción prevista no número anterior, será única para cada empresario ou profesional, sen prexuízo do que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas en atención ás características dos réximes especiais establecidos no imposto e do previsto na disposición adicional quinta deste regulamento.

Non obstante, o órgano competente da Administración tributaria poderá autorizar a presentación conxunta, nun só documento, das declaracións liquidación correspondentes a diversos suxeitos pasivos, nos supostos e cos requisitos que en cada autorización se establezan.

As autorizacións outorgadas poderanse revogar en calquera momento.

7. Ademais das declaracións liquidación a que se refiren os números 4 e 5 deste artigo, os suxeitos pasivos deberán formular unha declaración resumo anual no lugar, forma, prazos e impresos que, para cada suposto, aprobe o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Os suxeitos pasivos incluídos en declaracións liquidación conxuntas deberán efectuar igualmente a presentación da declaración resumo anual no lugar, forma, prazos e impresos establecidos no parágrafo anterior.

Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente as operacións exentas comprendidas nos artigos 20 e 26 da Lei do imposto non estarán obrigados a presentar a declaración resumo anual prevista neste número.

8. Deberán presentar declaración liquidación especial de carácter non periódico no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas:

1.º As persoas a que se refire o artigo 5, número un, letra e), da Lei do imposto sobre o valor engadido, polas entregas de medios de transporte novos que efectúen con destino a outro Estado membro.

2.º Quen efectúe adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos suxeitos ao imposto, de acordo co disposto no artigo 13, ordinal 2.º, da Lei do imposto.

3.º As persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais cando efectúen adquisicións intracomunitarias de bens distintos dos medios de transporte novos que estean suxeitas ao imposto, así como cando se reputen empresarios ou profesionais de acordo co disposto polo número catro do artigo 5 da Lei do imposto.

4.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente operacións que non orixinan o dereito á dedución ou actividades ás cales lles sexa aplicable o réxime especial da agricultura, gandería e pesca ou o réxime especial da recarga de equivalencia, cando realicen adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao imposto ou ben sexan os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, da Lei do imposto.

5.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente actividades ás cales lles sexa aplicable o réxime especial da agricultura, gandería e pesca, cando realicen entregas de bens de investimento de natureza inmobiliaria, suxeitas e non exentas do imposto, polas cales están obrigados a efectuar a liquidación e o pagamento do imposto, de acordo co disposto no artigo 129, número un, segundo parágrafo, da Lei do imposto.

6.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente actividades ás cales lles sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia, cando soliciten da Facenda pública o reintegro das cotas que reembolsasen a viaxeiros, correspondentes a entregas de bens exentas do imposto, de acordo co disposto no artigo 21, ordinal 2.º, da súa lei reguladora, así como cando realicen operacións en relación coas cales efectuasen a renuncia á aplicación da exención prevista no

artigo 20, número dous, da Lei do imposto, e no artigo 8, número 1, deste regulamento.

7.º Calquera outra persoa ou entidade para a cal así se determine por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

9. A Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións liquidación por este imposto a través de acordos coas comunidades autónomas e outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Os acordos a que se refire o parágrafo anterior poderanse referir, entre outros, aos seguintes aspectos:

- 1.º Campañas de información e difusión.
- 2.º Asistencia na realización de declaracións liquidación e na súa formalización correcta e veraz.
- 3.º Remisión de declaracións liquidación á Administración tributaria.
- 4.º Emenda de defectos, logo de autorización dos suxeitos pasivos.
- 5.º Información do estado de tramitación das devolucións de oficio, logo de autorización dos suxeitos pasivos.

A Administración tributaria proporcionará a asistencia necesaria para o desenvolvemento das indicadas actuacións, sen prexuízo de ofrecer este servizo con carácter xeral aos suxeitos pasivos.

Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas estableceranse os supostos e condicións en que as entidades que subscribisen os citados acordos poderán presentar por medios telemáticos declaracións liquidación, declaración resumo anual ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria, en representación de terceiras persoas.

A dita orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ao dito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.»

Vinte e seis. Modifícase o número 3 do artigo 75, que queda redactado como segue:

«3. As liquidacións provisionais de oficio determinarán a débeda tributaria estimada que debería ter autoliquidado o suxeito pasivo; se é o caso, abrírase o correspondente expediente sancionador de acordo co previsto no Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, aprobado polo Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro.»

Vinte e sete. Suprímense as referencias a «documento substitutivo» ou «documentos substitutivos» recollidas nos seguintes preceptos do Regulamento do imposto: o parágrafo 4.º da letra a) do artigo 51, o parágrafo 4.º da letra b) do artigo 51, o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 63, o número 2 do artigo 69 e a letra b) do número 1 da disposición adicional sexta.

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio.

Un. Modifícase a letra c) do número 2 do artigo 14, que queda redactada como segue:

«c) A persoa ou entidade que soportase a repercusión, cando o ingreso indebido se refira a tributos que deban ser legalmente repercutidos a outras persoas ou entidades. Non obstante, unicamente procederá a devolución cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que a repercusión do importe do tributo se efectuase mediante factura cando así o estableza a normativa reguladora do tributo.

2.º Que as cotas indebidamente repercutidas fosen ingresadas. Cando a persoa ou entidade que repercute indebidamente o tributo teña dereito á dedución total ou parcial das cotas soportadas ou satisfeitas por ela, entenderase que as cotas indebidamente repercutidas foron ingresadas cando a dita persoa ou entidade as consignase na súa autoliquidación do tributo, con independencia do resultado da dita autoliquidación.

Non obstante o anterior, nos casos de autoliquidacións a ingresar sen ingreso efectivo do resultado da autoliquidación, só procederá devolver a cota indebidamente repercutida que exceda o resultado da autoliquidación que estea pendente de ingreso, o cal non resultará exigible a quen repercutiu no importe concorrente coa cota indebidamente repercutida que non foi obxecto de devolución.

A Administración tributaria condicionará a devolución ao resultado da comprobación que, se é o caso, realice da situación tributaria da persoa ou entidade que repercute indebidamente o tributo.

3.º Que as cotas indebidamente repercutidas e cuxa devolución se solicita non fosen devoltas pola Administración tributaria a quen se repercutiron, a quen as repercutiu ou a un terceiro.

4.º Que o obrigado tributario que soportase a repercusión non tivese dereito á dedución das cotas soportadas. No caso de que o dereito á dedución fose parcial, a devolución limitarase ao importe que non resultase deducible.»

Dous. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Contido do dereito á devolución de ingresos indebidos.*

A cantidade que se deberá devolver como consecuencia dun ingreso indebido estará constituída pola suma das seguintes cantidades:

a) O importe do ingreso indebidamente efectuado.

Nos tributos que deban ser legalmente repercutidos a outras persoas ou entidades, cando quen efectúe a indebida repercusión teña dereito á dedución total ou parcial das cotas soportadas ou satisfeitas por el, terase en conta o disposto no artigo 14.2.c) 2.º deste regulamento.

b) As custas satisfeitas cando o ingreso indebido se realizase durante o procedemento de constrinximento.

c) O xuro de demora vixente ao longo do período en que resulte exigible, sobre as cantidades indebidamente ingresadas, sen necesidade de que o obrigado tributario o solicite, de acordo co previsto no artigo 32.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión

e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, así como no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria.

Un. Modifícase o número un.86, 87, 88, 91 e 94 da disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que quedan redactados como segue:

«86. Procedemento de autorización para non expedir factura, de acordo co previsto no artigo 3.1.d) do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.»

«87. Procedemento de autorización para que a obriga de expedir factura poida ser cumprida mediante a expedición de factura simplificada, de acordo co previsto no artigo 4.3 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.»

«88. Procedemento de autorización para que nas facturas simplificadas non consten determinadas mencións do artigo 7.1 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, de acordo co previsto no artigo 7.4.b) do citado regulamento.»

«91. Procedemento de autorización para que nas facturas rectificadoras non sexa necesaria a especificación das facturas rectificadas; bastará a simple determinación do período a que se refiran, de acordo co previsto no artigo 15.4 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.»

«94. Procedemento para a aplicación das exencións no imposto sobre o valor engadido nas operacións interiores e intracomunitarias, regulado no artigo 5 do Regulamento polo que se desenvolven as exencións fiscais relativas á Organización do Tratado do Atlántico Norte, aos cuarteis xerais internacionais da dita organización e aos Estados parte no dito tratado, e se establece o procedemento para a súa aplicación, aprobado polo Real decreto 160/2008, do 8 de febreiro.»

Dous. Modifícase o número dous.2 da disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado como segue:

«2. Procedemento para a cualificación da condición de entidades ou establecementos de carácter social, regulado no artigo 6 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.»

Tres. Modifícase o ordinal 6.º da letra b) do artigo 5 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado como segue:

«6.º A inclusión, renuncia, revogación da renuncia ou exclusión do réxime simplificado, do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca e do réxime especial do criterio de caixa do imposto sobre o valor engadido.»

Catro. Modifícase a letra c) do número 3 do artigo 9 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactada como segue:

«c) Renunciar ao método de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas ou aos réximes especiais simplificado, da agricultura, gandaría e pesca e do criterio de caixa do imposto sobre o valor engadido.»

Cinco. Suprímese a letra i) e dáse nova redacción á letra j) do número 2 do artigo 10 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactada como segue:

«j) No caso daqueles que, tendo xa a condición de empresarios ou profesionais por viren realizando actividades de tal natureza, inicien unha nova actividade empresarial ou profesional, constitúa ou non, para os efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade, e se encontren en calquera das circunstancias que se indican a continuación, para comunicarlle á Administración a súa concorrencia:

1.º Que exercen a opción pola regra de pro rata especial prevista no artigo 103.dous.1.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

2.º Que, nos casos de inicio de actividade que constitúa un sector diferenciado, o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á nova actividade se producirá con posterioridade ao comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados ao seu desenvolvemento e resultará aplicable o réxime de dedución previsto nos artigos 111, 112 e 113 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Neste caso, a declaración conterá tamén a proposta da porcentaxe provisional de dedución a que se refire o citado artigo 111.dous da dita lei.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 31 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado da seguinte forma:

«1. De acordo co disposto no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da dita lei, que desenvolvan actividades empresariais ou profesionais, deberán presentar unha declaración anual relativa ás súas operacións con terceiras persoas.

Para estes efectos, consideraranse actividades empresariais ou profesionais todas as definidas como tales no artigo 5.dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Así mesmo, terán esta consideración as actividades realizadas por quen sexa cualificado de empresario ou profesional no artigo 5.un da dita lei, con excepción do disposto na súa letra e).

As entidades ás cales sexa de aplicación a Lei 49/1960, do 21 de xuño, sobre a propiedade horizontal, así como as entidades ou establecementos privados de carácter social a que se refire o artigo 20.tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, incluírán tamén na declaración anual de operacións con terceiras persoas as adquisicións en xeral de bens ou servizos que efectúen á marxe das actividades empresariais ou profesionais, mesmo aínda que non realicen actividades desta natureza.»

Sete. Modifícase a letra b) do artigo 32 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactada da seguinte forma:

«b) As persoas físicas e entidades en atribución de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, polas actividades que tributen no dito imposto polo

método de estimación obxectiva e, simultaneamente, no imposto sobre o valor engadido polos réximes especiais simplificado ou da agricultura, gandaría e pesca ou da recarga de equivalencia, salvo polas operacións polas cales emitan factura.

Non obstante o anterior, os suxeitos pasivos acollidos ao réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido incluíran na declaración anual de operacións con terceiras persoas as adquisicións de bens e servizos que realicen que deban ser obxecto de anotación no libro rexistro de facturas recibidas do artigo 40.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.»

Oito. Modifícase o artigo 33 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Contido da declaración anual de operacións con terceiras persoas.*

1. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo 31.1 deste regulamento deberán relacionar na declaración anual todas aquelas persoas ou entidades, calquera que sexa a súa natureza ou carácter, coas cales efectuasen operacións que, no seu conxunto, para cada unha das ditas persoas ou entidades superasen a cifra de 3.005,06 euros durante o ano natural correspondente.

A información sobre as operacións a que se refire o parágrafo anterior subministrárase desagregada trimestralmente. Para tales efectos, computáranse de forma separada as entregas e as adquisicións de bens e servizos.

Para os efectos do disposto nos parágrafos anteriores, terán a consideración de operacións tanto as entregas de bens e prestacións de servizos como as adquisicións destes. En ambos os dous casos incluíranse as operacións típicas e habituais, as ocasionais, as operacións inmobiliarias e as subvencións, auxilios ou axudas non reintegrables que poidan outorgar ou recibir.

Coas excepcións que se sinalan no punto seguinte, na declaración anual incluíranse as entregas, prestacións ou adquisicións de bens e servizos suxeitas e non exentas no imposto sobre o valor engadido, así como aquelas non suxeitas ou exentas do dito imposto.

As entidades aseguradoras incluírán na súa declaración anual as operacións de seguro. Para estes efectos, atenderase ao importe das primas ou contraprestacións percibidas e ás indemnizacións ou prestacións satisfeitas e non lles será de aplicación a estas operacións, en ningún caso, o disposto na letra a) do número seguinte.

Os suxeitos pasivos que realicen operacións ás cales sexa de aplicación o réxime especial do criterio de caixa da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, así como os suxeitos pasivos que sexan destinatarios das operacións incluídas nel, deberán incluír na súa declaración anual os importes devindicados durante o ano natural, conforme a regra xeral de devindicación contida no artigo 75 da Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido; estas operacións deberán incluír tamén na declaración anual polos importes devindicados durante o ano natural, de acordo co establecido no artigo 163 terdecies da Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido.

Como excepción ao disposto no segundo parágrafo deste número, os suxeitos pasivos que realicen operacións ás cales sexa de aplicación o réxime especial do criterio de caixa da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e as entidades ás cales sexa de aplicación a Lei 49/1960, do 21 de xuño, sobre a propiedade horizontal, subministrarán toda a información que veñan obrigados a relacionar na súa declaración anual, sobre unha base de cómputo anual. Así mesmo, os suxeitos pasivos que sexan destinatarios das operacións incluídas no réxime especial do criterio de caixa deberán subministrar a información

relativa a elas a que se refire o parágrafo anterior sobre unha base de cómputo anual.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, quedan excluídas do deber de declaración as seguintes operacións:

a) Aquelas que supuxesen entregas de bens ou prestacións de servizos polas cales os obrigados tributarios non deberon expedir e entregar factura, así como aquelas en que non deberon consignar os datos de identificación do destinatario ou non deberon asinar o recibo emitido polo adquirente no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.

b) Aquelas operacións realizadas á marxe da actividade empresarial ou profesional do obrigado tributario.

c) As entregas, prestacións ou adquisicións de bens ou servizos efectuadas a título gratuíto non suxeitas ou exentas do imposto sobre o valor engadido.

d) Os arrendamentos de bens exentos do imposto sobre o valor engadido realizados por persoas físicas ou entidades sen personalidade xurídica á marxe de calquera outra actividade empresarial ou profesional.

e) As adquisicións de efectos timbrados ou estancados e signos de franqueo postal, agás os que teñan a consideración de obxectos de colección, segundo a definición que se contén no artigo 136.un.3.º a) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

f) As operacións realizadas polas entidades ou establecementos de carácter social a que se refire o artigo 20.tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e que correspondan ao sector da súa actividade, cuxas entregas de bens e prestacións de servizos estean exentas do dito imposto, sen prexuízo do establecido no número 1 do artigo 31 deste regulamento.

g) As importacións e exportacións de mercadorías, así como as operacións realizadas directamente desde ou para un establecemento permanente do obrigado tributario situado fóra do territorio español, salvo que aquel teña a súa sede en España e a persoa ou entidade con quen se realice a operación actúe desde un establecemento situado en territorio español.

h) As entregas e adquisicións de bens que supoñan envíos entre o territorio peninsular español ou as Illes Baleares e as illas Canarias, Ceuta e Melilla.

i) En xeral, todas aquelas operacións respecto das cales exista unha obriga periódica de subministración de información á Administración tributaria estatal e que, como consecuencia diso, fosen incluídas en declaracións específicas diferentes á regulada nesta subsección e cuxo contido sexa coincidente.

3. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo 31.2 deste regulamento deberán incluír, ademais, na declaración anual de operacións todas aquelas persoas ou entidades, calquera que sexa a súa natureza ou carácter, ás cales efectuasen adquisicións de bens ou servizos á marxe de calquera actividade empresarial ou profesional que, no seu conxunto, para cada unha daquelas, superasen a cifra de 3.005,06 euros durante o ano natural correspondente, coas seguintes excepcións:

a) As importacións de mercadorías.

b) As adquisicións de bens que supoñan envíos entre o territorio peninsular español ou as Illes Baleares e as illas Canarias, Ceuta e Melilla.

c) As establecidas na letra e) e na letra i) do número 2 deste artigo.

Así mesmo, as entidades integradas nas distintas administracións públicas a que se refire o número 2 do artigo 3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberán relacionar na dita declaración todas aquelas persoas ou entidades ás cales satisfixesen subvencións, auxilios ou axudas, calquera que sexa o seu

importe, sen prexuízo da aplicación neste suposto da excepción prevista na letra i) do punto anterior.

4. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo 31.3 deste regulamento deberán incluír na declaración anual de operacións con terceiras persoas os pagamentos a que se refire o dito precepto, sempre e cando o total da cantidade satisfeita a cada persoa imputada superase a cifra de 300,51 euros.

5. A obriga de declarar a que se refire o artigo 31.1 deste regulamento, respecto das entidades ás cales sexa de aplicación a Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, non incluírá as seguintes operacións:

As de subministración de enerxía eléctrica e combustibles de calquera tipo con destino ao seu uso e consumo comunitario.

As de subministración de auga con destino ao seu uso e consumo comunitario.

As derivadas de seguros que teñan por obxecto o aseguramento de bens e dereitos relacionados con zonas e elementos comúns.

6. A obriga de declarar a que se refire o artigo 31.1 deste regulamento, respecto das entidades ou establecementos privados de carácter social a que se refire o artigo 20.tres da Lei 37/1992, non incluírá as seguintes operacións:

As de subministración de auga, enerxía eléctrica e combustibles.

As derivadas de seguros.»

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 34 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Na declaración anual de operacións con terceiras persoas consignaranse os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, así como o número de identificación fiscal e o domicilio fiscal do declarante.

b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, así como o número de identificación fiscal de cada unha das persoas ou entidades incluídas na declaración ou, de ser o caso, o número de identificación fiscal para os efectos do imposto sobre o valor engadido atribuído ao empresario ou profesional con quen efectúe a operación o Estado membro de establecemento.

c) O importe total, expresado en euros, das operacións realizadas con cada persoa ou entidade durante o ano natural a que a declaración se refira.

d) En particular, faranse constar separadamente doutras operacións que, se é o caso, se realicen entre as mesmas partes os arrendamentos de locais de negocios, sen prexuízo da súa consideración unitaria para os efectos do disposto no artigo 33.1 deste regulamento. Nestes casos, o arrendador consignará o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o número de identificación fiscal dos arrendatarios, así como as referencias catastrais e os datos necesarios para a localización dos inmobles arrendados.

e) As entidades aseguradoras deberán consignar, separadamente doutras operacións, as de seguros. Para estes efectos, consignarán o importe das primas ou contraprestacións percibidas e as indemnizacións ou prestacións satisfeitas no exercicio da súa actividade aseguradora. A dita identificación separada enténdese sen prexuízo da súa inclusión no importe total das operacións realizadas con cada persoa ou entidade, para os efectos do disposto no artigo 33.1 deste regulamento.

f) As axencias de viaxes consignarán separadamente aquelas prestacións de servizos en cuxa contratación interveñan como mediadoras en nome e por conta allea que cumpran cos requisitos a que se refire a disposición adicional cuarta do

Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Así mesmo, farán constar separadamente os servizos de mediación en nome e por conta allea relativos aos servizos de transporte de viaxeiros e das súas equipaxes que a axencia de viaxes preste ao destinatario dos ditos servizos de transporte, de conformidade co disposto no número 3 da citada disposición adicional cuarta.

g) Deberanse declarar separadamente os cobramentos por conta de terceiros de honorarios profesionais ou de dereitos derivados da propiedade intelectual, industrial, de autor ou outros por conta dos seus socios, asociados ou colexiados, efectuados por sociedades, asociacións, colexios profesionais ou outras entidades que, entre as súas funcións, realicen as de cobramento segundo o disposto no artigo 31.3 deste regulamento.

h) Faranse constar os importes superiores a 6.000 euros que se percibisen en metálico de cada unha das persoas ou entidades relacionadas na declaración.

i) Faranse constar separadamente doutras operacións que, se é o caso, se realicen entre as mesmas partes as cantidades que se perciban en contraprestación por transmisións de inmobles, efectuadas ou que se deban efectuar, que constitúan entregas suxeitas no imposto sobre o valor engadido.

j) Faranse constar separadamente doutras operacións que, se é o caso, se realicen entre as mesmas partes as operacións ás cales sexa de aplicación o réxime especial do criterio de caixa do imposto sobre o valor engadido. Estas operacións deberanse consignar atendendo aos seguintes criterios:

No momento en que se devindicasen conforme a regra xeral de devindicación contida no artigo 75 da Lei 37/1992 do imposto sobre o valor engadido, como se ás ditas operacións non lles fose de aplicación o réxime especial.

No momento en que se produza a devindicación total ou parcial das operacións, de conformidade cos criterios contidos no artigo 163 terdecies da Lei 37/1992 do imposto sobre o valor engadido, polos importes correspondentes.

k) Faranse constar separadamente doutras operacións que, se é o caso, se realicen entre as mesmas partes as operacións en que o suxeito pasivo sexa o destinatario, de acordo co establecido no artigo 84.un.2.º da Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido.

l) Faranse constar separadamente doutras operacións que, se é o caso, se realicen entre as mesmas partes as operacións que resultasen exentas do imposto sobre o valor engadido por se referiren a bens vinculados ou destinados a vincularse ao réxime de depósito distinto dos alfandegueiros definido no ordinal quinto do anexo da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 35 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As operacións que se deben incluír na declaración anual son as realizadas polo obrigado tributario no ano natural a que se refire a declaración.

Para estes efectos, as operacións entenderanse producidas no período en que, de acordo co previsto no artigo 69 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, se debe realizar a anotación rexistral da factura ou documento contable que sirva de xustificante.

Non obstante, as operacións ás cales sexa de aplicación o réxime especial do criterio de caixa do imposto sobre o valor engadido a que se refire o parágrafo terceiro da letra j) do número 1 do artigo anterior consignaranse no ano natural correspondente ao momento da súa devindicación total ou parcial, de

conformidade cos criterios contidos no artigo 163 terdecies da Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido, polos importes correspondentes.»

Once. Modifícanse o número 1 e a letra d) do número 2 do artigo 36 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que quedan redactados, respectivamente, da seguinte forma:

«1. De acordo co disposto no artigo 29.2.f) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido inscritos no rexistro de devolución mensual regulado no artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e os suxeitos pasivos do imposto xeral indirecto canario inscritos no rexistro de devolución mensual regulado nos artigos 9 e 10 do Regulamento de xestión dos tributos derivados do réxime económico e fiscal de Canarias, aprobado polo Decreto 268/2011, do 4 de agosto, estarán obrigados a presentar unha declaración informativa co contido dos libros rexistro a que se refiren os artigos 62.1 do regulamento e 30.1 do decreto citados.»

«d) As operacións polas cales os empresarios ou profesionais que satisfagan compensacións agrícolas expidisen o recibo a que se refire o artigo 16.1 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 108 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactado da seguinte forma:

«Nos supostos de concurso, as actuacións administrativas entenderanse co concursado ou co seu representante cando o xuíz non tiver acordado a suspensión das facultades de administración e disposición.

Se se tiver acordado a suspensión de facultades, as actuacións entenderanse co concursado por medio da administración concursal.»

Trece. Modifícase a disposición adicional sétima do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sétima. *Declaración de operacións con terceiras persoas da Administración do Estado.*

1. A remisión á Administración tributaria da información de operacións con terceiras persoas a que se refire este regulamento será canalizada, no ámbito da Administración xeral do Estado, pola Intervención Xeral da Administración do Estado, que centralizará e agrupará nun soporte único os datos sobre as operacións realizadas con cargo ao orzamento de gastos do Estado polo procedemento de pagamento directo.

Co alcance previsto no artigo 33 deste regulamento, a información relativa a pagamentos directos comprenderá todas as obrigas recoñecidas no exercicio a que se refire a dita información.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado remitirá ao Departamento de Informática da Axencia Estatal de Administración Tributaria por vía telemática un único ficheiro comprensivo de todas as persoas ou entidades coas cales se efectuasen operacións polo procedemento de pagamento directo.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado responsabilizase da remisión dos datos que se deduzan do sistema de información contable da Administración xeral do Estado.»

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Un. Modifícase o número 2 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«2. Non existirá obriga de expedir factura cando se trate das prestacións de servizos definidas no artigo 20.un.16.º e 18.º, letras a) a n) da Lei do imposto, salvo que:

Conforme as regras de localización aplicables a estas se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto ou noutro Estado membro da Unión Europea e estean suxeitas e non exentas deste.

Conforme as regras de localización aplicables a estas se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto, Canarias, Ceuta ou Melilla, estean suxeitas e exentas deste e sexan realizadas por empresarios ou profesionais, distintos de entidades aseguradoras e entidades de crédito, a través da sede da súa actividade económica ou establecemento permanente situado no citado territorio.»

Dous. Inclúese unha nova letra p) no artigo 6.1, coa seguinte redacción:

«p) No caso de aplicación do réxime especial do criterio de caixa a mención «réxime especial do criterio de caixa.»

Tres. Modifícase a letra i) do número 1 do artigo 7, que queda redactada como segue:

«Nos supostos a que se refiren as letras j) a p) do artigo 6.1 deste regulamento, deberanse facer constar as mencións referidas nestas.»

Catro. Inclúese un novo número 3 no artigo 11, coa seguinte redacción:

«3. Nas operacións acollidas ao réxime especial do criterio de caixa regulado no capítulo X do título IX da Lei do imposto, a expedición da factura deberase realizar no momento da realización de tales operacións, salvo cando o destinatario da operación sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, caso en que se deberá expedir antes do día 16 do mes seguinte a aquel en que se realizase a operación.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

«Para os efectos do disposto no número 2 do artigo 3 deste regulamento, a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) terá a consideración de entidade de crédito.»

Disposición transitoria única. *Opción pola aplicación da regra da pro rata especial para o exercicio 2013.*

A opción pola aplicación da regra de pro rata especial, a que se refiren a letra a) do número 1.1.º do artigo 28 e a letra a) do número 3 do artigo 61 bis do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, para o exercicio 2013, poderase exercer mediante presentación da correspondente declaración censual, que se deberá presentar no mes de decembro de 2013 e terá efectos para o dito exercicio.

Disposición derogatoria única. *Falta de resolución en prazo de determinados procedementos tributarios.*

Quedan derogados os números un.89, 90, 92 e 93 e dous.1 e 3 da disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coas seguintes excepcións:

Os números vinte e un, vinte e dous, vinte e tres e vinte e catro do artigo primeiro e os artigos terceiro e cuarto do real decreto entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

O uso da vía electrónica para realizar as comunicacións a que se refire o número dez do artigo primeiro do real decreto, relativo á comunicación de modificación de base imponible e de recepción de facturas rectificadoras que deberán realizar á Administración Tributaria o acredor e destinatario das operacións, respectivamente, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Dado en Madrid o 25 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO